

RESOLUCIÓN DO 7 DE ABRIL DE 2021 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDAS DE ACCESO LIBRE E CONCURSO CONVOCADO POLA ORDE DE 8 DE XULLO DE 2020 (DOG NÚM. 137, DO 10 DE XULLO), POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.

Na sesión que tivo lugar o día 7 de abril, o tribunal nomeado pola Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249, do 11 de decembro), adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.: Convócase á realización do cuarto exercicio (probas psicotécnicas) aos opositores e opositoras que resultaron aprobados na terceira proba deste proceso selectivo.

A primeira parte desta proba realizarse o día **14 de abril de 2021, as 10:30 horas na sede da Agasp**, sita na rúa da Cultura, s/n, 36680, A Estrada (Pontevedra), en chamamento único.

A segunda parte da proba, consistente na contestación a un cuestionario formulado verbalmente realizarase do **19 ao 23 de abril de 2021**, na mesma sede da Agasp, a data e horario correspondente a cada aspirante, publicarase na páxina web da Agasp. (www.agasp.xunta.gal)

O persoal convocado, deberá ir provisto do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O uso da máscara é obrigatorio, en todo momento gardarase a distancia de seguridade, non se poderá acceder as dependencias da Agasp con acompañantes, e unha vez rematada a proba deberán abandonar as instalacións de xeito inmediato, sen estar permitidos “os corrillos”, seguindo as indicacións en todo momento do tribunal e persoal colaborador do mesmo.

Segundo.: Os CRITERIOS que se terán en conta na realización desta proba son:



Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación as funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado e serán efectuadas por persoal técnico e especialista.

Na proba de personalidade mediranse algúns dos trazos máis relevantes para o posto de policía local, a través de 4 escalas: control e xestión emocional, paranoidismo, control/ extraversión e sinceridade. Para a valoración destas escalas rexéranse polas probas psicolóxicas EPQ e CEP, adaptadas á poboación obxecto de avaliación. O Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación da Universidade de Vigo testou nos últimos 10 anos este instrumento de medida, sendo válido e fiable, con baremos de policías locais, policías nacionais e controladores de acceso. Se intercalan preguntas de control, extraídas doutros test. Os centiles son específicos de persoas que teñen postos de relevancia de fronte ao público, onde é importante ter estabilidade emocional, alto grao de control, baixo paranoidismo, tendencia á extroversión e sendo persoas sinceras nas súas respostas.

Na proba de intelixencia, seguirase o modelo de intelixencias múltiples de Howard Gardner, que identifica 8 intelixencias. No caso específico de policías locais considerase idoneo empregar un test que mida a intelixencia natural (coeficiente intelectual), así como probas de memoria visual e recoñecemento, necesarias no día a día laboral.

Na proba individual que consiste na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas aspirantes, contrastaranse os resultados dos test de personalidade e intelixencia, e incidirase nos aspectos relevantes da historia persoal de cada candidato/a (principalmente no consumo de substancias nocivas para a saúde física ou mental, que no esta recollido expresamente recollido nos test, pero ten unha relación directa coas respostas dos mesmos).

A Estrada, 7 de abril de 2021

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

